

- **Quen pode ser usuario/a da Aula da Xuventude?**

Se tes entre 12 e 25 anos podes acudir á Aula da Xuventude que está no Centro Cívico. Alí atoparás dúas aulas nas que poder pasar unha tarde .

Polo tanto, podes vir ti só, ou podes vir con todos os teus amigos e amigas a pasar un bo anaco.



## **INFÓRMATE E FAITE SOCIO NA PROPIA AULA DA XUVENTUDE.**

*Para facerte socio/a debes cubrir unha ficha; que podes solicitar na dita Aula, cos teus propios datos persoais.*

*Posteriormente entregaremosche o carné de usuario/a co cal poderás acceder ás instalacións.*

*O custo do dito carné é GRATUÍTO, salvo no caso de extravío, no que deberás aboar o importe do custo da expedición dun novo.*

*Tamén podes contactar con nós en:*

 @OrosoXuventude

 Aula de Xuventude Oroso

[xuventude@concellooroso.com](mailto:xuventude@concellooroso.com)

CONCELLO D  
**OROSO**

CONCELLERÍA DE XUVENTUDE

## **Aula da Xuventude**

CENTRO CÍVICO

Praza de Isaac Díaz Pardo nº 2

*Aberto de martes a venres:*

*De 17:00 a 20:00*



**Faite Soci@!!**

[www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com)

**OROSO**  
coa xuventude

- Que é a Aula da Xuventude?

A Aula da Xuventude é un espazo aberto a mozas e mozos, co que pretendemos fomentar o encontro, a comunicación, a produción cultural e a información de todas e todos os mozos que o desexen.

Tamén é un lugar no que poderedes compartir as vosas inquietudes cos profesionais que se atopen na aula nese momento, que tratarán de ofrecervos a axuda que necesitedes.

- Que se pode facer na Aula da Xuventude?

Son moitas as cousas que poderedes facer na Aula da Xuventude, dende estudar ata pasar unha boa tarde cos amigos, xa que conta con xogos, revistas xuvenís, ordenadores, equipo de música e WI-FI entre outros:

• O uso MÁIS IMPORTANTE para o que se atopa destinada a Aula da Xuventude é que os propios usuarios e usuarias poidades demandar cursos, talleres ou actividades polas que vos sintades atraídos; podendo así achegarvos un servizo máis personalizado e que se atope máis preto dos vosos intereses.

• PODES ACUDIR E EXPOÑER AS TÚAS SUXESTIÓN. SERÁN BEN RECIBIDAS.

- Algúns dos dereitos e deberes que debes ter en conta:

DEREITOS:

- Participar nas actividades propostas.
- Suxerir proxectos e actividades que sexan do interese dos usuarios e usuarias

DEBERES:

- Coidar e facer un bo uso das instalacións.
- Tratar de forma respectuosa o resto dos usuarios e usuarias e os/as responsables da Aula.
- Non fumar e non beber alcol.
- Non realizar actos violentos nin marxinais.